

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor



MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN ENXENARÍA MECÁNICA E O GRAO EN ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Centro académico responsable:

Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Este programa foi aprobado pola xunta de escola na sesión do 23 de xuño de 2026

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026.

1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol, que lle permite ao estudantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e oceánica (a partir de agora, “Programa de Simultaneidade”).

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar a partir dos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

2. Proxecto formativo

2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica. O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica.

O Programa terá unha duración de 5 cursos académicos, distribuídos en 10 cuatrimestres segundo a estrutura detallada no apartado 2.5

Para superar o programa será necesario superar un total de 328,5 créditos.

2.2. Centro que o propón

A Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol será a responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como dos expedientes do alumnado. O estudantado aboará neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos correspondentes aos títulos Grao en Enxeñaría Mecánica e Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica.

A impartición de todas as disciplinas deste Programa de Simultaneidade levarase a cabo na Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol da UDC.

2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas dispoñibles para o novo estudantado no Programa de Simultaneidade determinarase cada curso académico, segundo o que aprobe o Consello de Goberno, por proposta da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol de conformidade coa normativa vixente.

2.4. Xustificación do Programa

O título do Grado en Enxeñaría Naval e Oceánica foi modificado durante o ano 2024 e o grado en Enxeñaría Mecánica no ano 2025, sometido á avaliación da ACSUG e finalmente informado favorablemente para a súa implantación no curso 2025-26 e 2026-27 respectivamente. Por mor de esta implantación faise necesaria a adaptación de esta normativa de simultaneidade.

O programa de simultaneidade abre a posibilidade de obter mediante un itinerario especificamente deseñado con 5 cursos de duración dous títulos de grao con competencias profesionais de enxeñeiro/a técnico/a industrial, especialidade mecánica, e de enxeñeiro/a técnico/a naval especialidade en estruturas mariñas e propulsión e servizos do buque. O carácter complementarios de ambos títulos permite acadar un dobre grao cursando un único curso adicional. Este programa é a única posibilidade en toda España de obter os dous graos seguindo un programa estruturado en 5 cursos académicos. A dobre titulación aumenta as saídas laborais que xa teñen cada un dos graos debido ao coñecemento de dúas ramas da enxeñaría cunha gran relación que se incrementará co desenvolvemento de aplicacións offshore, como parques eólicos mariños ou instalacións de xeración undimotriz, e outros sistemas avanzados, como drons mariños ou submarinos. A combinación dun grado altamente especializado, como o de enxeñaría naval, e outro máis xeneralista, como o de enerxía mecánica, constitúe un perfil moi versátil que se adaptará facilmente ás demandas futuras que poidan xurdir en entornas mariñas.

2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

- (N) materia cursada no grao de Enxeñaría Naval e Oceánica
- (M) materia cursada no grao de Enxeñaría Mecánica

1º Curso							
Primer Cuatrimestre				Segundo Cuatrimestre			
Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter	Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter
201130	Matemáticas 1 (N)	6	FB	201134	Matemáticas 2 (N)	6	FB
201131	Física 1 (N)	6	FB	201660	Física 2 (M)	6	FB
201141	Estatística (N)	6	FB	201661	Xestión empresarial (M)	6	FB
201133	Química (N)	6	FB	201137	Métodos informáticos (N)	6	FB
201138	Construción naval e sistemas de propulsión (N)	6	OB	201132	Expresión gráfica (N)	6	FB
Total Créditos		30		Total Créditos		30	

2º Curso							
Primer Cuatrimestre				Segundo Cuatrimestre			
Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter	Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter
201662	Ecuacións diferenciais (M)	6	FB	201658	Ciencia de materiais (M)	6	OB
201663	Fundamentos de electricidade (M)	6	OB	201664	Resistencia de materiais 1 (M)	6	OB
201665	Termodinámica (M)	6	OB	201666	Fundamentos de automática (M)	6	OB
201147	Mecánica (N)	6	OB	201667	Fundamentos de electrónica (M)	6	OB
201139	Debuxo naval (N)	6	OB	201669	Mecánica de fluídos (M)	6	OB
				201149	Hidrostática e estabilidade (N)	7,5	OB
Total Créditos		30		Total Créditos		37,5	

3º Curso							
Primer Cuatrimestre				Segundo Cuatrimestre			
Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter	Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter
201668	Enxeñaría medioambiental (M)	6	OB	201670	Teoría de máquinas (M)	6	OB
201151	Transmisión de Calor (N)	4,5	OB	200966	Procesos de fabricación e montaxe (N)	6	OB
201152	Hidrodinámica naval (N)	7,5	OB	200947	Estruturas mariñas 2 (N)	6	OB
201154	Estruturas mariñas 1 (N)	6	OB	200948	Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 1 (N)	6	OB
200953	Proxecto do buque e artefactos mariños 1 (N)	7,5	OB	200949	Sistemas auxiliares do buque 1 (N)	6	OB
				200965	Sistemas hidráulicos e pneumáticos (N)	6	OB
Total Créditos		31,5		Total Créditos		36	

4º Curso							
Primer Cuatrimestre				Segundo Cuatrimestre			
Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter	Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter
201679	Tecnoloxía de máquinas (M)	6	OB	201672	Estruturas (M)	6	OB
200896	Enxeñaría dos materiais (M)	6	OB	200899	Deseño e análise asistido por ordenador (M)	6	OB
200900	Construcións industriais 1 (M)	6	OB	200898	Metroloxía e control da calidade (M)	6	OB
200955	Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 2 (N)	6	OB	200954	Transporte marítimo (N)	6	OB
201675	Organización de empresas (M)	6	OB		Optativa (M)	6	OP
	Optativa (M)	6	OP				
Total Créditos		36		Total Créditos		30	

5º Curso							
Primer Cuatrimestre				Segundo Cuatrimestre			
Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter	Código	Materia (N/M)	Créditos	Carácter
202908	Xestión de proxectos e Oficina Técnica (M)	6	OB	200958	Proxecto de buques e artefactos mariños 2 (N)	6	OB
200952	Vibracións e ruidos (N)	4,5	OB		Optativa (M)	6	OP
201153	Tecnoloxía da construción naval (N)	7,5	OB	200914	Traballo fin de grao (M)	12	OB
200956	Sistemas auxiliares do buque 2 (N)	6	OB	200963	Traballo fin de grao (N)	13,5	OB
200957	Sistemas eléctricos e electrónicos do buque (N)	6	OB				
Total Créditos		30		Total Créditos		37,5	

O estudantado deberá cursar 18 ECTS de materias optativas (tres materias) do Grao en Enxeñaría Mecánica a escoller entre as seguintes:

Optativas GEM		ECTS	CUATRIMESTRE
200915	Modelización de estruturas por elementos finitos	6	1º
200916	Tipoloxías estruturais	6	2º
200917	Tecnoloxía e deseño de estruturas	6	1º
200919	Construcións industriais 2	6	2º
200920	Elementos de máquinas	6	1º
200904	Enxeñaría de vehículos	6	2º
200922	Mantemento	6	2º

200924	Análise de fallo en materiais	6	2º
200925	Proxecto Interdisciplinar I	6	1º
200926	Proxecto Interdisciplinar II	6	2º
202909	Prácticas Externas	6	1º

Non se contempla a realización de materias optativas do Gran en Enxeñaría Naval e Oceánica.

2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG)/Máster (TFM)

Os Traballos Fin de Grao poderanse realizar de forma independente ou ligados entre si incluíndo as competencias tanto do Grao de Enxeñaría Mecánica como do Grao de Enxeñaría Naval e Oceánica. En ámbolos dous casos o procedemento está regulado polo Regulamento para a realización de TFEs e da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol. En calquera caso, realizarase unha defensa do TFG para cada titulación.

Unha vez superados todos os créditos correspondentes a un dos plans de estudos, excepto os

correspondentes ao traballo fin de estudos, o estudiantado poderá solicitar a defensa do TFG do título correspondente.

2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

Os resultados de aprendizaxe esenciais para alcanzar no programa de simultaneidade son os recollidos na Orde CIN/351/2009 e na Orde CIN/350/2009 onde se establecen os requisitos de verificación dos títulos oficiais que habilitan ao exercicio das profesións de enxeñeiro/a técnico/a industrial e naval, respectivamente. Seguindo o itinerario curricular específico e a táboa de equivalencias pódese comprobar que se completan os programas de ambos graos.

2.8. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

Na táboa seguinte recóllense as equivalencias entre materias que permiten completar os dous graos que se cursan simultaneamente neste programa. A notación é a seguinte:

Materia cursada → Materia recoñecida; Materia recoñecida → Materia cursada

730G05V01 Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica				730G03V02 Grao en Enxeñaría Mecánica		
Código	Nome	ECTS		ECTS	Nome	Código
201130	Matemáticas 1 (N)	6	→	6	Matemáticas 1 (M)	202907
201134	Matemáticas 2 (N)	6	→	6	Matemáticas 2 (M)	202906

201140	Ecuacións diferenciais (N)	6	←	6	Ecuacións diferenciais (M)	201662
201141	Estatística (N)	6	→	6	Estatística (M)	201659
201131	Física 1 (N)	6	→	6	Física 1 (M)	201654
201135	Física 2 (N)	6	←	6	Física 2 (M)	201659
201137	Métodos informáticos (N)	6	→	6	Informática (M)	201655
201133	Química (N)	6	→	6	Química (M)	201656
201132	Expresión gráfica (N)	6	→	6	Expresión gráfica (M)	201653
201136	Organización e xestión da empresa (N)	6	←	6	Xestión empresarial (M)	201661
				6	Organización de empresas (M)	201675
201148	Mecánica de fluídos (N)	6	←	6	Mecánica de fluídos (M)	201670
201142	Ciencia e enxeñaría de materiais (N)	4.5	←	6	Ciencia de materiais (M)	201658
201143	Electrotecnia (N)	6	←	6	Fundamentos de electricidade (M)	201663
201145	Automatismos, control e electrónica (N)	6	←	6	Fundamentos de automática (M)	201666
				6	Fundamentos de electrónica (M)	201667
201146	Elasticidade e resistencia de materiais (N)	6	←	6	Resistencia de materiais 1 (M)	201664
201147	Mecánica (N)	6	→	6	Mecánica (M)	201676
201144	Termodinámica técnica (N)	6	←	6	Termodinámica (M)	201665
201151	Transmisión de calor (N)	4.5	→	6	Calor e frío industrial (M)	202910
201150	Enxeñaría de calidade e medioambiente (N)	4.5	←	6	Enxeñaría medioambiental (M)	201668
				6	Metroloxía e control de calidade (M)	200898

Táboa de recoñecemento das materias optativas do Grao en Enxeñaría Mecánica por obrigatorias do grao de Enxeñaría Naval e Oceánica.

Código	Materia Optativa	ECTS		Código	Materia Obligatoria	ECTS
200923	Hidráulica e pneumática	6	←	200965	Sistemas hidráulicos e pneumáticos	6
200906	Vibracións	6	←	200952	Vibracións e ruídos	4.5
200921	Actuadores e sensores	6	←	200957	Sistemas eléctricos e electrónicos do buque	6
200918	Soldadura	6	←	200966	Procesos de fabricación e montaxe	6

Táboa de recoñecemento das materias optativas por obrigatorias do grao de Enxeñaría Mecánica.

Código	Materia Optativa	ECTS		Código	Materia Obligatoria	ECTS
200968	Visitas técnicas	4,5	←	201679	Tecnoloxía de máquinas	6

2.9. Mecanismos de coordinación docente

O programa de simultaneidade contará cun/unha coordinador/a do programa no centro responsable, que será a persoa de referencia para aclarar calquera dúbida que poida xurdir no seu desenvolvemento. O/a coordinador/a do programa formará parte das comisións de ambas titulacións, a comisión académica de graos do ámbito industrial e a comisión de titulación do grao de enxeñaría naval e oceánica.

3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade

3.1 Normativa de acceso ao programa

A solicitude de acceso e admisión para cursar o programa de simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.

Só poderán optar ao programa simultáneo aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos os graos.

Por motivos de organización e optimización académica, non se contempla o ingreso ao programa de simultaneidade de alumnos que xa iniciasen os estudos de Grao en Enxeñería Mecánica ou de Grao en Enxeñería Naval e Oceánica.

3.2 Criterios de matrícula

Os/as alumnos/as de primeiro curso que cursen estes estudos por primeira vez poderán optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, isto é, da totalidade de créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, no que deberán efectuar a súa matrícula nun número de créditos que nunca poderá ser inferior a 24 nin superior a 48.

Os/as alumnos/as de continuación de estudos matriculados en réxime de dedicación a tempo completo poderán matricularse en cada curso académico dun máximo de 78 créditos (excluídos os créditos correspondentes ao TFG) e dun mínimo de 48 créditos, agás naquel caso en que a cantidade de créditos necesaria para rematar o programa de simultaneidade fose menor.

De acordo coa norma de progresión nos programas académicos, aprobada na UDC, os/as estudantes deberán matricularse de todos os créditos de formación básica e obligatoria non superados de cursos anteriores.

Os/as alumnos/as de continuación de estudos, en réxime de dedicación a tempo parcial, deberán efectuar a súa matrícula cun número créditos que nunca poderá ser inferior a 24 créditos nin superior a 48.

Os/as alumnos/as poderán desistir da súa matrícula de acordo co disposto na Normativa de Xestión Académica vixente para cada curso académico.

3.3 Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar

Os/as estudantes matriculados neste programa de simultaneidade axustaranse a normativa en vigor da Universidade de A Coruña sobre permanencia e progresión.

3.4 Incumprimento das normas de permanencia

Aqueles/as estudantes matriculados/as no programa de simultaneidade que non cumpran as condicións e requisitos de permanencia que establece esta normativa, deberán abandonar estes estudos.

As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polos/as alumnos/as do programa, serán atendidas polo decano ou director do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración do reitor da UDC, tras o informe da comisión académica que corresponder.

Contra a resolución do decano ou director o alumnado poderá presentar un recurso de alzada ante o reitor da Universidade, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere e que permita esta.

3.5 Abandono do programa de simultaneidade

O alumnado que decida abandonar o programa de simultaneidade deberá notificalo á administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.

Os/as estudantes, de ser o caso, poderán:

- Optar por calquera das dúas titulacións iniciadas sempre que teñan aprobada como mínimo unha disciplina do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos superados que figuran nas táboas de recoñecemento deste mesmo documento.
- Optar por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos, regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico, e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa, se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual. Porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os seus estudos do Programa de Simultaneidade

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica aprobada, aprobada polo Consello de Goberno do 23/03/2015 e modificada polos consellos de goberno de 20/07/2015, 25/09/2018, 23/07/2019 e 17/12/2019.

Disposición final primeira. Habilitación

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa

Disposición final segunda . Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e será de aplicación a partir do curso académico 2026/27.

O reitor

Ricardo José Cao Abad